

**ACTA DA 2ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2017 DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO Á COORDINACIÓN, XESTIÓN, CONTROL, SEGUIMENTO E MONITORIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE 2020 (AESS 2020)**

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 12:05 horas, do día 16 de outubro de 2017, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do SERVIZO DE APOIO Á COORDINACIÓN, XESTIÓN, CONTROL, SEGUIMENTO E MONITORIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE 2020 (AESS 2020), que son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- D. Luis Lozano Lorenzo, interventor en funcións
- Dona Mónica Neira Mato, Arquitecta Municipal
- D. Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
- D. Manuel Fernández Cerdeira do grupo municipal do PS de G-PSOE
- D. Xosé Magariños Maceiras do BNG
- Dona Mar Blanco Casais de MOVETE

Non asiste D. Juan M. Constenla Carbón, 1º Tenente de Alcalde.

-SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Seguidamente o presidente da Mesa indica que se vai proceder á puntuación dos sobres C de ambos dous lotes nos que se valoran criterios suxeitos a un xuízo de valor, tendo en conta as valoracións feitas ao efecto polos técnicos municipais.

No que corresponde ao Lote nº 1 (Para a prestación dos servizos de apoio á coordinación, xestión, control, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI), foi elaborado o informe pola Secretaria Municipal Lucía Artime Alonso e a Arquitecta Municipal, Dona Mónica Neira Mato, e o Arquitecto Técnico Municipal, D. Daniel Órrea Corral, para o Lote nº 2 (Para a prestación de servizos de apoio técnico na definición e o desenvolvemento das actividades e proxectos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI).

Toma a palabra a Secretaria da Corporación e tras explicar as razóns que motivaron as puntuacións outorgadas e plasmadas nun informe, incorpora o mesmo ao expediente e procede a enunciar as puntuacións outorgadas ás licitadoras no Sobre C do Lote nº 1:

-REGIO PLUS CONSULTING S.L. :21 puntos totais dos 40 puntos previstos, desglosados do xeito seguinte:

- 1) MEMORIA 8 ptos
- 2) METODOLOXÍA: 13 ptos

-RED 2 RED CONSULTORES:21.5 puntos totais dos 40 puntos previstos, desglosados do xeito seguinte:

- 1) MEMORIA 3 ptos
- 2) METODOLOXÍA: 18,5 ptos

-IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU: 35.5 puntos totais dos 40 puntos previstos, desglosados do xeito seguinte:

- 1) MEMORIA 11 ptos
- 2) METODOLOXÍA: 24,5 ptos

De seguido, toman a palabra os Técnicos do Departamento de Urbanismo, primeiro Dona Mónica Neira Mato e posteriormente D. Daniel Orrea Corral, e tras explicar as razóns que motivaron as puntuacións outorgadas e plasmadas nos correspondentes informes, incorporan os mesmos ao expediente e a puntuación resultante (a media aritmética entre as puntuacións outorgadas por ambos Técnicos) que lle corresponde ás licitadoras no Sobre C do Lote nº 2:

-IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU, 38 puntos totais dos 40 puntos previstos, desglosados do xeito seguinte:

- 1) MEMORIA 23,50 ptos
- 2) METODOLOXÍA: 14,50 ptos

-EVERIS INGENIERÍA S.L.U. 30 puntos totais dos 40 puntos previstos, desglosados do xeito seguinte:

- 1) MEMORIA 18,50 ptos
- 2) METODOLOXÍA: 11,50 ptos

A Mesa en vista das explicacións dos Técnicos, por unanimidade acorda asumir ditas puntuacións.

A continuación e de conformidade co estipulado no Prego de Cláusulas Administrativas, procédese á apertura do sobre B, xa en acto público. Asiste ao mesmo o representante de IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU, D. Eduardo Díaz Marcelo con DNI nº 33288873F, que fai entrada na Sala ás 12.37 horas para coñecer tanto as puntuacións do Sobre C, como estar presente na apertura das ofertas do Sobre B de ambos Lotes.

Unha vez abertos os sobres B polo Presidente da Mesa, obtense o seguinte resultado:

### 1) **LOTE nº 1**

-REGIO PLUS CONSULTING S.L.

OFERTA ECONÓMICA: 148.000 Euros + IVE=179.080,00 Euros

AMPLIACIÓN DO PRAZO de 6 MESES: SÍ

-RED 2 RED CONSULTORES.

OFERTA ECONÓMICA: 159.840 Euros + IVE=193.406,40 Euros

AMPLIACIÓN DO PRAZO de 6 MESES: SÍ

-IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU

OFERTA ECONÓMICA: 190.000 Euros + IVE=209.900,00 Euros

AMPLIACIÓN DO PRAZO de 6 MESES: SÍ

### 2) **LOTE Nº 2**

-EVERIS INGENIERÍA S.L.U.

OFERTA ECONÓMICA: 169.500 Euros + IVE=205.095,00 Euros

REUNIÓN QUINCENAL: SÍ

-IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU

OFERTA ECONÓMICA: 195.000 Euros + IVE=235.950,00 Euros

REUNIÓN QUINCENAL: SÍ

Seguidamente a Mesa, e de conformidade co establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas, advirte que unha das ofertas pode estar incurso en baixa anormal ou desproporcionada, polo que ao abeiro do establecido na cláusula 10 do PCAP, procede a facer os cálculos correspondentes:

- 1) suma das tres ofertas presentadas: 602.386,40
- 2) media aritmética das tres ofertas: 200.795,47
- 3) 10 unidades porcentuais de dita media: 20.079,54
- 4) oferta desproporcionada ou anormal: calquera por debaixo do seguinte umbral: **180.715,92 Euros**

Polo tanto, a oferta económica presentada pola empresa licitadora REGIO PLUS CONSULTING SL, estaría en suposto de oferta anormal ou desproporcionada, pois a súa contía é inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas admitidas.

Ao abeiro do establecido na cláusula 10 do PCAP, que di: *“cando o órgano de contratación identifique unha proposición desproporcionada, notificará esta circunstancia ao licitador comprendido nela, para que no prazo de cinco días naturais xustifique dita oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o*

*procedemento de execución do contrato nesas condicións económicas, o respecto das disposicións relativas a protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vai a realizar a prestación”, esta Mesa acorda requerir á licitadora REGIO PLUS CONSULTING SL para que no prazo de 5 días naturais a contar dende a notificación do requerimento, xustifique dita oferta e precise as condicións da mesma.*

Unha vez presentada dita xustificación e informada pola Secretaria da Corporación, a Mesa volverase a reunir, en acto non público, e en función de se dita xustificación se considera suficiente, o órgano de contratación determinará a súa admisión para continuar no procedemento de licitación.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as trece horas e quince minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)